

Recomendación dirixido ao Concello de Ponteceso debido aos prexuízos causados pola cheminea dunha industria

Expediente: C.6.Q/12394/16

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2018

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D^a [REDACTED] relativo aos prexuízos ocasionados pola cheminea dunha industria.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que se dan graves molestias ocasionadas por unha cheminea situada na parte traseira do edificio anexo ao do súa vivenda. Os fumes e residuos volátiles resultantes das queimas realizadas polo propietario da cheminea penetran na vivenda a través das xanelas, estragando as cortinas, ensuciando as xanelas e enchendo o dormitorio e outras estancias de fume, facendo a estancia no seu domicilio desagradable e insán. O seu marido é asmático e ten dous nenos menores de 12 anos, polo que teme que o fume poida causarlles algún problema respiratorio a medio ou longo prazo. Puxo diversas queixas no Concello de Ponteceso e unha denuncia en medio ambiente, onde dixeron que eles só poden sancionar a queima de residuos tóxicos, que os casos de molestias son competencia do concello. Tras presentar repetidas queixas non recibiu nin sequera resposta por parte deste. Tamén puxo o caso en coñecemento da policía local e unha denuncia ante a garda civil. Solicitou a licenza da carpintería e ao mirar o arquivo que se lle facilitou desde a secretaría do concello comprobou que efectivamente ten licenza e autorización de industria, pero tamén ten denuncias postas por outra veciña do edificio do 1996, que gañou os devanditos xuízos, pero o señor apelaba sempre, co que a señora ante a imposibilidade de seguir custeando avogados e demais decidiu non seguir pelexando.

2. Ante iso requirimos informe ao Concello de Ponteceso, que nola remitiu. Sinalou que remite o expediente completo. En concreto envía a denuncia, de 10 de decembro, similar á queixa; un primeiro informe do arquitecto técnico, de 20 de xaneiro, no que se indica que se estaba a reparar e poñer a punto do conduto de saída de fumes cun anclaxe, que o conduto descorre dende o semisoto ata a cuberta, e que debe deixarse pasar un breve período de tempo (10 días) ao obxecto de comprobar se solventáronse as deficiencias; e outro do mesmo técnico, do 18 de maio, que sinala que puido comprobar que as obras de reparación da cheminea foron realizadas na súa totalidade.

A resposta do técnico non aclaraba o que el mesmo dicía que faría, isto é, comprobar se solventáronse as deficiencias coas obras que se estaban a realizar; polo contrario unicamente di que se fixeron esas obras, pero non a súa efectividade en relación co problema denunciado e obxecto da queixa. Iso se reforza se temos en conta que no expediente obra unha denuncia posterior da reclamante, de 15 de xuño de 2016, na que se pide a comprobación do estado da vivenda como consecuencia da carbonilla que sae do edificio anexo. O atestado da policía local sinala que se aprecian restos de presunta queima nas fiestras e na fachada traseira, tal e como se reflexa na reportaxe fotográfica.

Polo exposto de novo dirixímonos ao Concello de Ponteceso. Requirímoslle que con urxencia aclarara eses extremos. O ente local respondeu e de novo di que envía o expediente. Porén, enviou un expediente; refírese á ocupación de terreo público por parte da construción e actividade, e ao estado de insalubridade do lugar, o que lles afecta como veciños. O ente local sinalaba que iniciou expediente de recuperación da posesión.

Nos requirimentos de información dirixidos ao concello expresábase con claridade que o obxecto da queixa que tratamos é mais concreto e refírese a comprobación da eficacia das obras da cheminea para evitar os prexuízos que sofren dende hai tempo. Por iso de novo dirixímonos ao concello co fin de requirir que con urxencia facilitara aclaración sobre os extremos mencionados.

2. O Concello de Ponteceso respondeu. Remitiu un novo informe do técnico no que se sinala que “personado en un edificio ... en presenza de ██████████, en calidad de presidenta de la Comunidad de Vecinos ... referente al ASUNTO: Molestias...; es por lo que el técnico que suscribe, una vez personado "in situ" y realizadas las pertinentes comprobaciones, emite el siguiente: INFORME TÉCNICO 1- La comprobación se realizaron en todas las viviendas ubicadas en las plantas la izq -2a izq- 3a izq y 4° izq, en las ventanas pertenecientes a la fachada posterior del inmueble y en la zona más próxima a la chimenea o salida de humos denunciada. 2 - El citado conducto o chimenea discurre desde la planta semisótano hasta la cubierta del inmueble. 3 - En el momento de realizarse la inspección se pudo comprobar que en la zona de los vierteaguas pertenecientes al 3° izq y 4° izq se encontraban depositados restos de carbonilla; así como en el material que sirve de cubrición del patio de luces perteneciente a la vivienda primera izquierda. La citada carbonilla procede, según lo manifestado por los vecinos, de la chimenea denunciada.3 (sic) - El citado conducto o chimenea discurre desde la planta semisótano donde se encuentra ubicada la carpintería hasta la cubierta del inmueble, sobrepasando de la misma 1,00 aproximadamente. 4- Se adjunta documentación fotográfica”.

De novo a información municipal non aclaraba os aspectos denunciados da súa competencia. Dende hai tempo se denuncian os prexuízos causados pola actividade, pero o

concello en repetidas ocasións non se pronuncia sobre os mesmos, a pesar de que están directamente relacionados coa licenza municipal (ou comunicación previa) que habilitaría o funcionamento. Porén, a mesma está suxeita á permanente vixilancia do concello (licenza de funcionamento) co fin de que se cumpran as condicións que garantan a cumprimento do legalmente previsto e o interese público, especialmente o dos veciños inmediatos. O concello seguía sen dar conta da resposta que neste senso da ás denuncias promovidas (na queixa sinalou que tras presentar repetidas queixas e de reclamar ante a policía local non recibiu nin sequer resposta).

3. Novamente requirimos do concello que con urxencia facilitara aclaración. Dadas as circunstancias recordamos especialmente ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertimos da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución. O Concello de Ponteceso nola remitiu. Recibiuse cun atraso considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirlle da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución. Sinala o seguinte:

“... el técnico que suscribe ,una vez personado "in situ" y una vez realizadas las pertinentes comprobaciones en distintas fechas , emite el siguiente: INFORME TÉCNICO - Por el informante se emitieron los correspondientes informes técnicos en las fechas siguientes: 1 de abril de 2015 , 2 de enero de 2016, 18 de mayo de 2016, 20 de enero de 2017 y 24 de mayo de 2017. - El informante se vuelve a reiterar en lo emitido en el último informe y que se refleja en los extremos siguientes: 1 - La comprobación se realizaron en todas las viviendas ubicadas en las plantas la izq -2" izq- 3" izqy 40 izq, en las ventanas pertenecientes a la fachada posterior del inmueble y en la zona más próxima a la chimenea o salida de humos denunciada. 2 - En el momento de realizarse la inspección se pudo comprobar que, en la zona de los vierteaguas pertenecientes al 3º izq y 4º izq, se encontraban depositados restos de carbonilla; así como en la cubierta del patio de luces perteneciente a la vivienda primera izquierda. La citada carbonilla procede, según lo manifestado por los vecinos, de la chimenea denunciada. 3 - El citado conducto o chimenea discurre desde la planta semisótano donde se encuentra ubicada la carpintería hasta la cubierta del inmueble, sobrepasando de la misma 1,00 aproximadamente.

CONCLUSIÓN: En base a lo averiguado y teniendo en cuenta que la chimenea se encuentra realizada con materiales de buena calidad; es lógico deducir que los desprendimientos y posterior depósito de carbonilla en los distintos elementos del inmueble (cubierta, ventanas etc.), son debidos al propio peso de los residuos que proceden de la combustión de los materiales que se incineran en la carpintería. A juicio del técnico que suscribe, se estima que la única forma de resolver el problema es

precintando y prohibiendo la quema de materiales en el interior del local de la carpintería denunciada”.

Dende entón o concello non enviou nada ao respecto das medidas adoptadas en consecuencia co informe técnico, coas denuncias e coa queixa.

ANÁLISE

1. As actuacións municipais confirman dende hai tempo que os prexuízos denunciados existen e que son consecuencia da cheminea da carpintería. E o técnico municipal conclúe que a única forma de resolver o problema é precintando e prohibindo a queima de materiais no interior do local da carpintería denunciada.

2. A pesar do anterior o ente local non aborda a corrección dos feitos denunciados, ou ao menos non deu conta diso. Esa corrección é unha necesidade que se deduce da natureza da licenza do establecemento, de funcionamento, o que obriga ao concello a facer unha vixilancia continuada do mesmo e adoptar as medidas que correspondan para a preservación do interese público, e especialmente o dos veciños inmediatos, unha condición implícita de todas as licenzas deste tipo.

3. A reclamante e a súa familia demandan a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), á protección da saúde (art. 43.1), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais os poderes públicos teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Ponteceso a seguinte recomendación:

Que con urxencia por ese concello se adopten as medidas que se deducen do informe técnico municipal.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da



aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución, incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo